

FRAN ALONSO

Verbo bravú

(Poema)



ANO-BRAVÚ
1994 - 2014

*Para todo o movemento bravú e, moi especialmente,
para Os Diplomáticos de Monte Alto,
no XX aniversario do
Manifesto Bravú de Chantada*

Este poema está escrito coas ferramentas léxicas
do movemento bravú e os seus contidos.
Xa que logo, ten moito de autoría colectiva.

Noite. A brétema cubría as pedras e os cons
e o mar batía con rabia na Illa do Pé.
En Monte Alto vibraba un nervio pangalaico,
indómito, que viña do mar e traía,
recuperado, o son dos acordeóns e dos saxos
co sabor familiar que amenizou tantas verbenas,
tantas charangas a espertar os corazóns.
Alguén, sen sabelo, sen quere-lo,
comezou a conxugar o verbo bravú,
berro de abrente bravo
que avanzaba na conquista de novos
océanos da man da rapazada,
tropa de Monte Alto.
Ghaiteiros!
Bravo, bravú, brava, embravecemos,
ardedes, arden, bravús na insurxencia da paixón.
Verbo bravú, que erguía ondas dun sitio distinto
rescatando o son de tantos soños
que os fixeran posibles.
Verbo bravú, conxugado en arroutada,
conxugado en sentidiño, conxugado con paixón,
que botaba o alento dunha tradición
minusvalorada, esquecida, arrinconada
contra as cordas dun ring que outros
fixeron por decreto.
Revolución!
Aghora triunfan bastos e quen perda
pagha o ghasto –dixo Rómulo Permui,
que apareceu na Coruña no luscofusco dun solpor,

coa súa maleta cargadiña de músicas eternas,
procedente da emigración americana.
Aquel home era un golfo cosmopolita
que traía na boca un novo freedom spik e
deu en encher cada taberna da cidade
con palabras que arrecendían a rancheras
e soaban frescas como o canto
do Cuco de Velle.

Ghaiteiros!

E alguén deu un berro mudo,
como nas viñetas sen palabras:
verbo bravú, berro de abrente bravo.

Pero ninguén o escoitou,
porque a tropa estaba concentrada
en seguir as pegadas daquel home que,
coma o flautista de Hamelin,
os arrastrou a todos polas cuchiqueiras
urbanas e os cortellos das aldeas.

E alí, no arrecendo da bosta e
do sangue da matanza, no piche
das rúas bretemosas que fervían,
prende un novo xeito virtuoso
de enfrontar o mundo,
un novo xeito antigo, ancestral,
que viña de Pepa a Loba, do Piloto e
de Foucellas, da voz de María Soliño,
e desafiaba nun pulso de partida brava
a toda canta maldita conachada
dos tempos había.

Revolución!

Verbo bravú, abrente, con forza
abonda para tronzar o universo.

Verbo bravú, asubío;
indisciplinado berro que arrastraba
ventos de Chiapas na voz
do Subcomandante Marcos e
sopros xélidos de Chicago nos poemas
de Sandra Cisneros.

Bravo, bravú, brava, embravecemos,
ardedes, arden, brincamos na insurxencia
da paixón mentres Galiza ensancha
os seus pulmóns e medra
nas melodías dun acordeón rebelde
que cuspía ao mundo voces cómplices.

Ghaiteiros!

De Malpica á Pena de Anamán,
de Chantada á Guarda,
de Nou Barris a Noia,
do Porriño a Euskal Herría,
de Ribeira a Padrón,
do Berbés ao Muro o bravú
filtrábase imparabile porque era
coma o vento,

coma o vento.

Sentiron como o lamento
do tempo estaba a chegar.
Verbo bravú, berro de abrente bravo
de conxugación salgada,
salgo, salgas, salga, bravo, bravú
que se ergueu en silencio,
tantas léguas mar adentro
á chamada do océano.

E é por iso que ás veces a voz é unha luz
e é por iso que ás veces a voz é un silencio.
E nese silencio baixaba en rebelde tratorada
a Santa Compañía entolecida
resucitando os mortos, erguendo
a bandeira do toxo florido, e bramando
ao pé da enseña da nación galega:
Revolución!

Noite. A brétema cubría as pedras e os cons
e o mar batía con rabia na Illa do Pé
e aquel ceo verjalhudo púxose diplomático
coma un papaqueixo, púxose rastrero
coma un insólito caimán de río
ao que de súpeto se lle vai esa voz de trovador
coa disimulada insurxencia das orquestras.

Ghaiteiros!

Hoxe vou falar –díxo Rómulo Permui–
vou poderme expresar
diante de mil, diante de cen,
nesa lingua tan sabia, nesa lingua tan vella
coa a súa mala centella a vibrar
nas guitarras eléctricas polas cuchiqueiras
urbanas e os cortellos das aldeas adiante.
E disque falou acompañado dun coro
de motoserras de herbón
vitoreadas pola Tropa da Tralla
que, con voz de clandestina
Feira das Mentiras, proclamaba:

revolución!

revolución!

revolución!

Bravo, bravú, brava, embravecemos,
ardedes, arden, bravús na insurxencia da paixón,
no trazo vermello e anfibio de Xaime Cabana,
no castañazo neghro que estoupou
nun banquete de conxo do rock galego,
por fuciños, por cacheiras,
e aló vén o ghaiteiro deixalo pasar
vén tocando unha ghaita, nós queremos bailar.

Noite. A brétema cubría as pedras e os cons
e o mar batía con rabia na Illa do Pé
cando guitarras, gaitas, acordeóns e baterías
romperon as xeografías emocionais
do silencio dun país irrecoñecible

naqueles que o gobernan.
Os deuses que non existen,
impresionados, guindaron
sobre a terra con irredenta enerxía
as melodías eólicas do vento,
que acaricia porque a Galicia
xa está chegando, e logo riscaron
sobre o mapa dun país case invisible
a columna vertebral do futuro
bravú.
Nós queremos bailar.
Ghaiteiros!

FRAN ALONSO

